



GARCÍA-FERNÁNDEZ, Miguel e Ricardo PICHEL (eds.) (2023): *Desde San Paio de Antealtares. Historia, patrimonio e vida monástica. Estudos dedicados a sor Mercedes, arquivista de San Paio, e á Comunidade de Antealtares*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago / Alvarellos Editora, 447 pp.

Como homenaxe tanto a Mercedes Buján Rodríguez, arquivista do mosteiro compostelán de San Paio de Antealtares ata 2022, como á propia comunidade relixiosa que nel ten a súa sede, Miguel García Fernández e Ricardo Pichel ofrecen á comunidade científica un volume de estudos impecabelmente editado. Reúnen nel once traballos en que se tratan cuestións como a propia historia de San Paio de Antealtares antes e despois da súa conversión en mosteiro de monxas en 1499, a conservación e a recuperación do patrimonio documental e artístico ligado á institución, certos aspectos da historia dos seus priorados na Idade Moderna ou do monacato feminino na Idade Media. Ademais, o libro contén dous traballos en que se abordan asuntos relativos a tres mosteiros asturianos. Confórmase así, en conxunto, un valioso mosaico de aproximacións científicas a diferentes aspectos do monacato medieval e moderno en Galicia e Asturias.

En “San Paio de Antealtares: un mosteiro atípico da Galicia medieval (ss. IX-XV)” (pp. 19-49) Francisco Javier Pérez Rodríguez sintetiza a historia dos sete séculos do mosteiro como comunidade masculina, desde principios do IX ata os anos finais do Catrocentos. Fai relación da bretemosa orixe do mosteiro ligada ao culto xacobeo, da súa asunción da regra de san Bieito e do paso da advocación de san Pedro para a de san Paio no século XI, da conformación do seu extenso patrimonio e das dificultades que para conservalo padeceu a partir do XIV, que se trataron de resolver coa reforma observante (1487-1498) que anexionou a comunidade de monxes a San Martiño Pinarío e que o 23 de xullo de 1499 converteu o edificio na sede do convento de monxas bieitas que perdurou ata os nosos días.

A narración desta conversión e a presentación da relación nada sumisa do novo mosteiro

de beneditinas coas xerarquías masculinas da Congregación de San Benito de Valladolid corre a cargo de Concepción Burgo López, autora de “Señoras y generales: la fundación del monasterio femenino de San Paio de Antealtares y sus relaciones con la Congregación de San Benito” (pp. 51-87). Baseándose nunha ilustrativa concatenación de casos diversos, Burgo móstranos que, se a fundación do convento de relixiosas non se fixo sen a oposición de numerosas abadesas e monxas que se resistiron a abandonar os seus cenobios, situados en distintos lugares de Galicia, para se estableceren en San Paio, nos tres séculos posteriores, as relacións do mosteiro compostelán coa Congregación valisoletana estiveron marcadas polo desexo das “señoras” de defender os seus dereitos e de manter no posíbel a súa autonomía para xestionaren a casa conventual e o seu réxime de vida espiritual e económica como mellor lles parecece.

Un dos mosteiros femininos medievais que en 1499 se extinguiron como tales porque as súas monxas foron obrigadas a establecerse en San Paio foi o de San Salvador de Sobrado de Trives. Dúas contribucións do volume centran o seu interese na súa historia e na recuperación e divulgación do seu patrimonio documental, maioritariamente depositado no arquivo do convento compostelán, mais non só. En “A documentación de San Salvador de Sobrado de Trives máis alá do ASPA: achega para unha nova edición da súa colección documental” (pp. 89-121), Miguel García Fernández e Ricardo Pichel ofrecen, xunto a informacións relevantes sobre esta colección hoxe dispersa, as presentacións críticas ou versións regularizadas de cinco documentos do século XIII, catro do XIV e un do XVI, todas elas integradas no proxecto de multiedición dixital denominado *Escritorio Galego-Portugués*

Antigo (EGPA) (<https://corpora.uah.es/egpa/>), dirixido por ambos os dous investigadores; o traballo acompáñase de cinco fotografías doutros tantos documentos editados. Pola súa parte, o contributo de Miguel Ángel González García recupera varias “Actas de visitas pastorales del siglo XVII a la parroquia de Sobrado de Trives, priorato de Antealtares” (pp. 123-147). Estas visitas foron realizadas polas autoridades da diocese de Astorga nun tempo en que San Salvador de Sobrado de Trives era un priorado de Antealtares rexido por un monxe e a correspondente freguesía tiña á súa fronte un vigairo secular, cuxo dereito de presentación correspondía á comunidade bieita compostelá.

Tamén contén un apéndice documental, integrado por oito unidades dos séculos XVI e XVII, o estudo titulado “La creación de cotos jurisdiccionales por los monasterios reformados: el fuero del coto de Lobás de 1536” (pp. 149-186), obra de Rodrigo Pousa Diéguez. De posíbel coto monástico medieval, nunha época e nun lugar en que segundo Pousa imperaba o “caos xurisdiccional”, a circunscripción territorial do mosteiro de San Pedro de Lobás pasou a converterse nos séculos XVI e XVII, logo da súa anexión a San Paio de Antealtares, en obxecto de disputa por parte de diversos axentes interesados no seu dominio, entre eles, claro está, o propio mosteiro de beneditinas de Santiago de Compostela.

A complexa realidade da vida monástica feminina na Galicia do século XII centra o interese do traballo de Víctor Rodríguez Muñiz, que responde ao título de “As fundacións efémeras. Mosteiros e ‘casas de monxas’ como lugares de retiro de donas na Galiza do século XII” (pp. 187-246). Cunha pormenorizada e documentada exposición de casos diversos, Rodríguez mostra que na Galicia daquel tempo coexistían os auténticos mosteiros femininos, institucións máis ou menos duradeiras sometidas ás regras das ordes en que estivesen integradas, coas fundacións temporais promovidas por donas de alto rango e outras fórmulas que servían para dar acollida ás mulleres que quixesen renunciar ao século e facer vida retirada.

Carlos José Galbán Malagón contribúe a este libro de homenaxe coa achega de dúas pezas documentais relativas ao suicidio e o temporal enterramento en Antealtares de dona Aldonza de Acevedo, condesa de Altamira, na Compostela de finais do XV. Presenta esas achegas en “Aldonza, la condesa suicida. ¿Una microhistoria de finales del siglo XV” (pp. 247-294), un atraente traballo de pescuda arquivística e

reflexión que se acompaña da edición de dous documentos de 1491 ou de arredor de 1491 e das súas reproducións fotográficas. Procedendo sempre con cautela, Galbán agasállanos con datos e meditacións que poñen o foco sobre cuestións tan suxestivas como a vida das mulleres de alta condición, o exercicio do poder eclesiástico e civil ou a consideración do suicidio por parte da Igrexa na principal vila do reino de Galicia no tempo da transición do medievo á Idade Moderna.

De Domingo L. González Lopo é o contributo titulado “Monjes y devociones: las comunidades de benedictinos y de bernardos como centros de espiritualidad y de difusión de devociones populares” (pp. 295-331). Temos nel unha análise de como as dúas ordes monásticas mencionadas promoveron a creación e a difusión galega, medieval e moderna, de correntes devocionais relacionadas coa Virxe María, con san Bieito e outros santos, coa paixón de Cristo e co culto eucarístico.

A seguir, en “Las columnas con efigies de los apóstoles procedentes de San Paio de Antealtares. Propuesta para un montaje en 3D” (pp. 333-377) Ángela Franco Mata presenta os compoñentes, as características e as vicisitudes sufridas polo conxunto formado pola ara de Antealtares, o seu soporte e as catro columnas con efixies dos doce apóstolos que a sostían. Así mesmo, fai unha proposta de instalación virtual da ara e as columnas.

De Clara Elena Prieto Entrialgo é un estudo que versa sobre “Archivos y bibliotecas monásticos ante la Desamortización: el caso del monasterio de Cornellana” (p. 379-416). Dá noticia nel da orixe do Fondo de Cornellana que existe no arquivo de Antealtares, un grupo de documentos procedentes dese mosteiro bieito asturiano que por causas descoñecidas chegou ao de Compostela con motivo da desamortización de bens eclesiásticos disposta polo ministro Juan Álvarez Mendizábal en 1835 e 1836.

Finalmente, Alfonso García Leal reúne nove epitafios versificados en “Memoria epigráfica de abadesas benedictinas de Oviedo: San Pelayo y Santa María de la Vega” (pp. 417-438). Obras en latín dos séculos XII, XIII e XIV, van acompañadas de fotografías e de traducións castelás de Francisco Diego Santos, e deixan constancia da notoriedade que alcanzaron varias mulleres que rexeron os dous conventos ovetenses que se mencionan no título.

A obra editada por Miguel García Fernández e Ricardo Pichel ábrese e conclúe con textos

de Almudena Vilariño Periañez, a actual madre abadesa de San Paio, e de Enriqueta López en que se achegan lembranzas, datos, ideas e sentimentos que axudan a compoñer o retrato de sor Mercedes Buján, a monxa e arquivaira de Antealtares a quen se homenaxea neste libro, que proporciona ao lector consistente información sobre a historia, o patrimonio e a vida monástica non só do mosteiro compostelán, senón tamén de moitas máis casas conventuais de todo o noroeste ibérico —galego

e asturiano—, tanto na Idade Media coma nos séculos posteriores, mesmo ata o XIX. Trátase, pois, dunha lectura moi recomendábel para historiadores, filólogos, arquivistas, estudosos da arte medieval e tamén, por que non, para simples interesados en saber máis sobre o noso pasado medieval e moderno.

Ramón Mariño Paz
Universidade de Santiago de Compostela
ramon.marino.paz@usc.gal